



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000011

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACIÓN DA XXXIV FESTA DA FILLOA

EXPEDIENTE:2017/G003/000011

ANTECEDENTES:

Con data 21 de febreiro, rexistro de entrada número 2017/0304, don José Manuel en calidade de presidente da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo, solicita licenza para a celebración da XXXIV Festa da Filloa, consistente nunha carreira o día 4 de marzo de 2017 e unha festa gastronómica con verbena no lugar de Lestedo o día 5 de marzo de 2017.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Boletín eléctrico
- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade do escenario móbil
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Conceder ao presidente da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo licenza para a realización da XXXIV Festa da Filloa en Lestedo coas seguintes:

Día 4 de marzo de 2017

V Carreira da Filloa

Participantes: aproximadamente 200 persoas

Escolares: 16:30 entorno campo de fútbol de Lestedo

Absoluta: 17:00 con percorrido de 9,5 km. na contorna do Pico Sacro



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000011

Día 5 de marzo de 2017

Celebración Festa da Filloa:

Lugar: Campo da feira de Lestedo

Aforo: entorno ás 8.000 persoas

Gran desfile de Xenerais do Ulla ás 12:30 h.

Pregón ás 13:30 h.

Sesión vermú a cargo de charangas e da orquestra Nevada

Xenerais do Ulla ás 17:00 h.

Verbena ao aire libre a cargo das orquestras Nevada e Olympus, dende as 18:00 ata ás 23:30 h.

Características dos escenarios: Olympus 27x12 e Nevada 18x10

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

En Boqueixón, mércores 1 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000012

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DATAS PARA A BAREMACIÓN DOS MÉRITOS E DAS PROBAS, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR, PARA CONTRATACIÓN DE 5 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES PARA O ANO 2017

EXPEDIENTE:2017/G003/000012

ANTECEDENTES:

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte do proceso de provisión de contratación laboral de 5 operarios de servizos múltiples, tal e como establece a base quinta da convocatoria, non habendo aspirantes excluídos/as, non se establece prazo de subsanación, polo tanto procédese a realizar directamente a publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos, a composición do tribunal cualificador, o día, a hora, e o lugar no que se realizarán as probas de selección

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública a lista definitiva de admitidos e excluídos con indicación das causas de exclusión á convocatoria referida, conforme consta no Anexo da presente resolución.

SEGUNDO.- Designar como membros titulares e suplentes do tribunal cualificador:

PRESIDENTE

TITULAR: Juan Corral Sánchez. Funcionario do Concello de Boqueixón.

SUPLENTE: Anselmo Caeiro Villar. Funcionario do Concello de Boqueixón.

VOGAIS:

TITULAR: José María Souto Temes. Funcionario do Concello de Boqueixón.

SUPLENTE: Rosario Iglesias Iglesias. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

TITULAR: María Victoria Negrín Blanco. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

SUPLENTE: Rosario Canabal Vázquez. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

TITULAR: Pilar Pazos Santasmarinas, Funcionaria do Concello de Boqueixón.

SUPLENTE: Juan Freiría Brey. Funcionario do Concello de Boqueixón.

SECRETARIA:

TITULAR: Elena Suárez Rodríguez. Secretaria-Interventora do Concello de Boqueixón.

SUPLENTE: Adela Lamega Arteaga. Funcionaria do Concello de Boqueixón.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000012

TERCEIRO.- Convocar á Tribunal cualificador para a baremación de méritos e probas de selección:

Baremación de méritos:

Data: 10 de marzo de 2017.

Hora: 09:00 horas.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, (Lg. O Forte s/n-Boqueixón).

Para a realización das probas:

Data: 10 de marzo de 2017, a partir das 10:30 horas proba escrita e a continuación as probas prácticas.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón (Lg. O Forte s/n-Boqueixón).

CUARTO.- Convocar ós aspirantes para a realización da fase das probas, no lugar e data que a continuación se detalla:

A) PROBA ESCRITA:

Data: 10 de marzo de 2017, a partir das 10:30 horas proba escrita.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón (Lg. O Forte s/n-Boqueixón).

B) PROBAS PRÁCTICAS:

Data: 10 de marzo de 2017, a partir das 11:30 horas as probas prácticas.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón (Lg. O Forte s/n-Boqueixón). Aínda que poderá acordar o tribunal un emprazamento distinto. Neste caso, o desprazamento dos aspirantes realizarase cun vehículo e persoal do concello.

Os aspirantes deberán comparecer provistos de DNI ou documento identificativo, e bolígrafo azul.

QUINTA.- Se algún aspirante require facer a proba escrita en castelán deberá comunicalo antes das 12:00 horas do día 9 de marzo de 2017, por fax 981513000 ou correo electrónico: emprego@boqueixon.com.

SEXTA.- Os aspirantes que estean interesados en ver os vehículos e maquinaria necesarios para a realización das tarefas relacionadas no apartado 2 da base primeira da convocatoria da contratación de 5 operarios de servizos múltiples publicada, poderán asistir o día, hora e lugar que se indica a continuación:

Día: 8 de marzo de 2017

Horario establecido para a visita: dende as 12:00 ata as 13:00 horas.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lg. O Forte s/n, 15881 Boqueixón (haberá unha persoa que



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000012

acompañará ós aspirantes ás instalacións).

SÉTIMA.- Notificar ós membros da Comisión Seleccionadora, seu nomeamento, facilitándolles copia do listado dos aspirantes definitivamente admitidos, quedando sometidos ás causas de abstención e recusación previstas nos artigos 28 e 29, respectivamente, da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

OITAVA.- Publicar a presente resolución na páxina WEB e no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón, e comunicar a mesma ós integrantes do tribunal cualificador.

ANEXO

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

Núm.	APELIDOS E NOME	DNI	Admitido/excluído
1	AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO		Admitido
2	CASTRO MARTÍNEZ JOSÉ ANTONIO		Admitido
3	CORBELLE CAROU FELIPE		Admitido
4	ESPIÑEIRA MORUJA JOSÉ AMANCIO		Admitido
5	GIL MIRANDA VICTOR		Admitido
6	GROBAS GALLEGO ALBERTO		Admitido
7	NEIRA SOUTO RAFAEL		Admitido
8	OLIVEIRA GARCÍA JOSÉ MARÍA		Admitido
9	SÚAREZ ESPASANDÍN ANTONIO		Admitido
10	TORRES GIL CARLOS		Admitido
11	UZAL DÍAZ CARLOS		Admitido

En Boqueixón, luns 6 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000013

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FINANCIAMENTO DE GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE PERÍODO 2017.

EXPEDIENTE:2017/G003/000013

ANTECEDENTES:

No BOP nº 39 do 24 de febreiro de 2017, saíu publicado o extracto da Resolución nº 4610/2017, de 10 de febreiro, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2017".

O obxecto da convocatoria é o financiamento das retribucións do persoal técnico para oficinas de turismo por un período mínimo de 4 meses durante o ano 2017 e o importe do orzamento de gastos debe estar entre un mínimo de 10.000 € e un máximo de 20.000€.

Tendo en conta que o prazo de solicitude de subvención está aberto dende o 27 de febreiro ata o 15 de marzo de 2017, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.

2.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención co obxecto de "gastos de persoal para o punto de información turística" (cuxa referencia é DP0029/2017) por un importe total de 10.460,69 €.

3.- Aprobar a memoria explicativa da actividade que se vai realizar, na cal se indican as actividades detalladas, persoas beneficiarias, orzamentos desglosados e calendarios fixados.

4.- Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do proxecto.

5.- Declarar estar ó corrente das obrigas tributarias e a seguridade social, e as obrigas coa Deputación.

6.- Autorizar á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente das obrigas tributarias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade gárantese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000013

- 7.- Consentir que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña.
- 8.- Autorizar á Deputación a que aplique a compensación para o cobramento de sancións salvo que se formule oposición ás mesmas por parte da entidade sancionada ata que se resolva o recurso.
- 9.- Acreditar ter aprobada e remitida correctamente a Conta Xeral 2015.
- 10.- Designar o seguinte correo electrónico: boqueixonturismo@gmail.com para as comunicación de trámite e completar documentación.
- 11.- Comprometerse a facer constar, en todo tipo de material que se realice ou información que se facilite no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración da Deputación da Coruña.
- 12.- Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.
- 13.- Nomear a don Manuel Fernández Munín como representante para as relación con esta entidade local coa Deputación da Coruña.
- 14.- Comunicar esta resolución á Deputación da Coruña.

En Boqueixón, xoves 9 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000014

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SOLICITUDE DE ESPECTÁCULOS DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2017

EXPEDIENTE:2017/G003/000014

ANTECEDENTES:

Vistas as Bases Reguladoras da Programación da Rede Cultural da Deputación da publicadas no BOP nº 5 de 9 de xaneiro de 2017, e a convocatoria que fixa o prazo de solicitude de espectáculos entre o 23 de febreiro e o 10 de marzo de 2017,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Solicitar os seguintes espectáculos:

Programa ALICERCE (Categoría non profesional)

Compañía/intérprete	Título da obra	Caché	Importe Deputación (75%)	Importe Concello(25%)
Banda de Música Municipal de Padrón	Concerto da Banda de Música Municipal de Padrón	1250,00 €	937,50 €	312,50 €
Coral da Terceira Idade de Vedra	Cantando	1200,00 €	900,00 €	300,00 €
Grupo de Teatro Badius	Frankenstein	850,00 €	637,50 €	212,50 €
TOTAL		3.300,00 €	2.475,00 €	825,00 €

Programa ESCEAAO VIVO- MÚSICA (Categoría Profesional)

Compañía/intérprete	Título da obra	Caché	Importe Deputación (75%)	Importe Concello (25%)
Os tres tenedores	Cocido Exprés	1000,00 €	750,00 €	250,00 €
TOTAL		1000,00 €	750,00 €	250,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cunha integridade garantese mediante colexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000014

Programa ESCEA AO VIVO- TEATRO/MONICREQUES (Categoría Profesional)

Compañía/Intérprete	Título da obra	Caché	Importe Deputación (75%)	Importe Concello (25%)
Fantasia Animación	O Mar sen Auga	1500,00 €	1125,00 €	375,00 €
Redrum Teatro	A Nena que Quería Navegar	2178,00 €	1633,50 €	544,50 €
El Autoestopista	O autoestopista intergaláctico	690,00 €	517,50 €	172,50 €
Garabato de Xogos	Garabateando	1300, 00 €	975,00 €	325,00 €
TOTAL		5.668,00	4.251,00 €	1.417,00 €

2. Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa no presente ano, por un importe de 2.492,00 euros , correspondente ao 25 % dos cachés dos espectáculos solicitados.

En Boqueixón, venres 10 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000015

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZAR GASTO ITV

EXPEDIENTE:2017/G003/000015

ANTECEDENTES:

Tendo que pasar a ITV o vehículo municipal con matrícula 1599 GZL e cuxo importe total ascende a 46,83 euros

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Resolvo:

1. Autorizar o gasto correspondente a ITV do vehículo municipal con matrícula 1599 GZL, por importe total de 46,83 euros.
2. Comunicar este decreto á Tesourería municipal para que proceda a retirar os fondos polo importe sinalado.

Boqueixón, martes 21 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000016

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ANTICIPO NÓMINA

EXPEDIENTE:2017/G003/000016

ANTECEDENTES:

O día 21 de marzo de 2017, do Concello de Boqueixón, presenta escrito no rexistro de persoal, solicitando lle sexa concedido un anticipo de nómina, segundo as condicións estipuladas no convenio colectivo vixente deste concello, a razón de dúas mensualidades polo importe total de dous mil cincocentos noventa e dous euros con corenta e dous céntimos (2.592,42 €), reintegrando en cada nómina dos meses de abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro a cantidade de douscentos dezaseis euros con catro céntimos (216,04 €) e, en cada unha das pagas extras dos meses de xuño e decembro a cantidade de catrocentos trinta e dous euros con cinco céntimos (432,05 €), polo que a data do 31/12/2017 quedaría totalmente reintegrado dito anticipo.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Conceder un adianto de nómina polo importe de dous mil cincocentos noventa e dous euros con corenta e dous céntimos (2.592,42 €), reintegrando en cada nómina dos meses de abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro a cantidade de douscentos dezaseis euros con catro céntimos (216,04 €) e, en cada unha das pagas extras dos meses de xuño e decembro a cantidade de catrocentos trinta e dous euros con cinco céntimos (432,05 €), polo que a data do 31/12/2017 quedaría totalmente reintegrado dito anticipo.

2. Dar conta ó departamento de Tesourería - Intervención aos efectos oportunos

En Boqueixón, mércores 22 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000017

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS PREMIOS GALICIA PARABÉNS 2017- 2018

EXPEDIENTE:2017/G003/000017

ANTECEDENTES:

No DOG nº 15 do 23 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios Galicia Parabéns e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018.

O obxecto da convocatoria é regular a concesión dos Premios Galicia Parabéns como un recoñecemento institucional e social ás iniciativas destinadas a conservar, mellorar e embelecer as paisaxes, os núcleos poboacionais e os Camiños de Santiago.

Os premios contan con dúas categorías: 1ª categoría para iniciativas realizadas nos últimos 10 anos e que tamén precisan unha nova fase de intervención que continúe, amplíe ou remate as actuacións; unha 2ª categoría para novos proxectos dirixidos a obras de revaloración e embelecemento. A dotación económica dos devantidos premios será 400.000 € por cada categoría.

Tendo en conta que o prazo de solicitude de participación está aberto ata o 23 de marzo de 2017 pero dado que o proxecto que esta entidade pretende realizar está elaborado polo Estudio Técnico Gallego, SA, sendo presentado nas oficinas do Concello de Boqueixón con data do 22 de marzo de 2017 e dado que a Xunta de Goberno tivo lugar o 16 de marzo de 2017, e atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.
- 3.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para o proxecto "O Pico Sacro" por un importe total de 395.434,44 €, ao abeiro da convocatoria dos Premios Galicia Parabéns, na 1ª categoría.
- 4.- Aprobar a "Memoria das actuacións executadas" no Pico Sacro nos últimos 10 anos e o Proxecto Técnico "O Pico Sacro" e cronograma de obras, que inclúe as seguintes obras:

ACTUACIÓNS NO PICO SACRO:

- 1.- Derruba estrutura

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000017

- 2.- Depósito
- 3.- Roteiro Centro de Interpretación- Pico Sacro
- 4.- Limpeza covas

ACTUACIÓNS NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PICO SACRO

- 1.- Actuacións previas
- 2.- Albanelería
- 3.- Acabados
- 4.- Carpinterías
- 5.- Instalacións

A execución destas obras realizarase en dúas anualidades, 2017 e 2018 e os actividades de xestión de residuos e seguridade e saúde realízanse ó longo dos 18 meses planificados de obra.

Na anualidade 2017: As actuacións no Pico Sacro e no Centro de Interpretación, (salvo a limpeza de covas), así como as actividades de xestión de residuos e seguridade e saúde correspondentes, cun coste de 362.945,49€.

Na anualidade 2018: A actuación de limpeza de covas no Pico Sacro e as actividades de xestión de residuos e seguridade e saúde correspondentes cun coste de 32.488,95 €.

5.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución do 29 de decembro de 2016, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

6.- Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do proxecto.

7.- Comunicar esta resolución á Axencia de Turismo de Galicia.

En Boqueixón, xoves 23 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 19.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000017

Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs. 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000018

RESOLUCIÓN

ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS

EXPEDIENTE:2017/G003/000018

ANTECEDENTES:

Unha vez finalizado, o día 27 de marzo de 2017, o prazo para a presentación de reclamacións do proceso selectivo para a contratación de 5 operarios de servizos múltiples, sen que se tivese realizado ningunha reclamación neste proceso, e cumprindo coa base novena da convocatoria das Bases de contratación deste proceso de selección, aprobadas por Xunta de Goberno do día 16 de febreiro de 2017 e publicadas na páxina Web e no taboleiro de editos do Concello de Boqueixón o día 17 de febreiro de 2017, que di que no prazo máximo de 10 días seguintes ó da data de publicación definitiva da relación de seleccionados polo tribunal calificador, o alcalde ditará resolución sobre a contratación dos seleccionados

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1 Publicar con data do 28 de marzo de 2017, na páxina WEB e no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón, a listaxe de definitiva de titulares e suplentes do proceso selectivo para a contratación laboral de 5 postos de operarios de servizos múltiples.

2 Realizar a contratación dos traballadores seleccionados dende o día 29 de marzo ata o 31 de decembro de 2017, ambos inclusive, de conformidade coa lexislación vixente, e as condicións establecidas nas anteriormente citadas bases da convocatoria, de:

CASTRO MARTINEZ JOSÉ ANTONIO, con DNI.

TORRES GIL CARLOS, con DNI.

UZAL DÍAZ CARLOS, con DNI.

NEIRA SOUTO RAFAEL, con DNI.

OLIVEIRA GARCÍA JOSÉ ANTONIO, con DNI.

3 Comunicar esta resolución á secretaria-interventora, ó departamento de persoal e ó coordinador de obras e servizos do concello de Boqueixón.

En Boqueixón, martes 28 de marzo de 2017



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000018

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000019

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE 5 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES

EXPEDIENTE:2017/G003/000019

ANTECEDENTES:

Visto o Decreto de data 28 de marzo, no que se resolvía a contratación de 5 operarios de servizos múltiples.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Que se proceda á contratación dos seguintes traballadores:

Don José Antonio Castro Martínez, Don Carlos Torres Gil, Don Carlos Uzal Díaz, Don Rafael Neira Souto e Don José Antonio Oliveira García, para a prestación de servizos como operarios de servizos múltiples de acordo coas seguintes condicións:

- Data de inicio: 29/03/2017
- Data de finalización: 31/12/2017
- Categoría profesional : Operario servizos múltiples / peóns
- Custo salarial bruto: 1.017,66 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 411,99 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / G
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Achega municipal : 100 %

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

En Boqueixón, mércores 29 de marzo de 2017



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000019

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000021

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DE AFORRO ENERXÉTICO E SISTEMA DE CONTROL EN ETAP DE PONTILLÓN E OUTROS

EXPEDIENTE:2017/G003/000021

ANTECEDENTES:

No DOG nº 12 do 18 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014- 2020 (PRD).

No artigo 2, punto 1 da Resolución recolle que serán subvencionables os proxectos que teñan encadramento na Estratexia de Desenvolvemento local de cada GDR, de forma que respondan ás prioridades e aos obxectivos especificamente recollidos na estratexia.

Os proxectos non produtivos son os considerados que teñen un interese público ou colectivo e non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa.

Tal e como se detalla no Anexo I, dentro dos tipos de proxectos non produtivos de prioridade alta (% da axuda máxima do 90%), encaixan os proxectos que contribúan á conservación do ambiente, adaptación e mitigación do cambio e á necesidade dunha transición cara unha sociedade que diminúa as súas emisións de carbono.

Tendo en conta que o prazo de solicitude de participación está aberto ata o 31 de marzo de 2017 pero dado que o proxecto que esta entidade pretende realizar está elaborado polo Estudio Técnico Gallego, SA, sendo presentado nas oficinas do Concello de Boqueixón con data do 24 de marzo de 2017 e dado que a seguinte Xunta de Goberno terá lugar ata o 6 de abril de 2017, e atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aceptar e coñecer as bases da convocatoria, os compromisos e requisitos que nesta convocatoria se indican e as condicións de financiamento.
- 3.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha subvención ao abeiro desta convocatoria, correspondente ó 90% do orzamento total para o proxecto non produtivo "Aforro

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000021

enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros" por un importe de 60.728,65 € (90%).

4.- Aprobar a "Memoria Valorada" por un importe total de 67.476,28 € na que se inclúen as seguintes actuacións:

- Sistema control Depósito de auga Pico Sacro
- Sistema control bombeo Río Ulla
- Sistema control ETAP do Pontillón

5.- Comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

6.- Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do proxecto.

7.- Declarar que,

- a) todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- b) non estar incurso en ninguna das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- c) non estar incurso en ninguna clase de inhabilitación para obter axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) no suposto de resultar beneficiario da axuda, coñece e asume a obriga de manter o investimento subvencionado durante un período mínimo de 5 anos.
- f) o proxecto para o que se solicita axuda está situado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) os investimentos para os que se solicita axuda non están iniciados.
- h) non se solicitaron nin se concederon axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.

8.- Comunicar esta resolución á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, á secretaría-intervención, departamento de contratación e ó coordinador de obras e servizos desta entidade.

En Boqueixón, venres 31 de marzo de 2017



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000021

O Alcalde/Presidente
Manuel Fernández Munín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000023

ASUNTO: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2016

EXPEDIENTE:2017/G003/000023

ANTECEDENTES:

Vista a liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio do ano 2016, de cuxos datos resulta:

- Remanente de tesourería positivo:	1.274.987,28 €
- Superávit presupostario axustado:	704.787,13 €
- Resultado presupostario liquidado:	1.025.435,00 €
- Aforro bruto:	679.840,59 €
- Aforro neto:	309.596,77 €

Tendo en conta, así mesmo, o informe económico que reflicte os datos anteriormente descritos, así como o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Aprobar a liquidación do orzamento de 2016, nas cifras nas que se redacta, de acordo co establecido no Real Decreto lexislativo 2/2004 de 5 de decembro polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e co establecido na Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, modificada pola Lei orgánica 4/2012 de 25 de decembro.

2. Remitir a liquidación aos organismos que legalmente proceda

En Boqueixón, venres 31 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Muñín



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000022

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SOLICITUDE OBRADOIRO DE EMPREGO

EXPEDIENTE:2017/G003/000022

ANTECEDENTES:

Ó abeiro da ORDE do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2017, os concellos de Boqueixón e Vedra están a realizar os trámites de solicitude dun Obradoiro de Emprego, denominado "Obradoiro de Emprego Boqueixón - Vedra 2017!".

Dito Obradoiro de Emprego terá 2 especialidades: "*Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción*" e "*Traballos de carpintería e moble*". O Obradoiro de Emprego ten un orzamento por importe de 429.467,20 € dos que Boqueixón terá que aportar 29.817,17 € e o Concello de Vedra 119.691,03€ e a Consellería de Economía, Emprego e Industria 279.959 €.

No artigo 15 da citada Orde, establece que o prazo de presentación será dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación no DOG, polo tanto este prazo remata o 3 de abril de 2017 e dado que o proxecto que esta entidade pretende realizar está elaborado polo Estudio Técnico Gallego, SA, sendo presentado no Concello de Boqueixón con data do 31 de marzo de 2017 e dado que a Xunta de Goberno tivo lugar o 16 de marzo de 2017 e a seguinte ten lugar o 6 de abril de 2017, polo tanto atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aprobar o Convenio de colaboración dos concellos de Boqueixón e Vedra de solicitude, como concellos asociados, de axuda para a realización dun Obradoiro de emprego e aprobar o proxecto e a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- 3.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de 279.959 €, e aprobar o importe do proxecto de Obradoiro de emprego Boqueixón–Vedra 2017 por importe de 429.467,20 €.
- 4.- Dispór dos fondos necesarios para a execución do citado proxecto.
- 5.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da aportación municipal correspondente ó Concello de Boqueixón que ascende a 29.817,17 €.
- 6.- Aprobar a seguinte anteprojecto para executar mediante o Obradoiro de Emprego denominado "Obradoiro de Emprego albanelería e carpintería" por importe de 29.817,17 € e que inclúe as seguintes actuacións:



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/G00022

As actividades da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción desenvolveranse nos seguintes lugares do municipio:

Casa de Cultura de Camporrapado

Local Social de Lestedo

Local Social de Ledesma

Centro de Interpretación do Pico Sacro

As actividades da especialidade de Traballos de carpintería e moble realizaranse nos seguintes lugares:

Casa de Cultura de Camporrapado

Local Social de Lestedo

Local Social de Ledesma

Centro de Interpretación do Pico Sacro

7.- Dispór das instalacións e da disposición dos bens onde se sitúan as actuacións necesarias para a execución de ditos proxectos, así como da Casa de Cultura e o taller de carpintería de Camporrapado como locais para a impartición das accións formativas. Ditos locais reúnen as condicións de seguridade, habitabilidade, hixiénicas e acústicas esixidas pola vixente Lei.

8.- O Concello de Boqueixón asumirá a función de promotor e o Concello de Vedra de colaborador. A distribución de funcións realizarase según se recolle no convenio de colaboración asinado.

9.- Que atendendo a natureza xurídica e o réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar no Concello de Boqueixón, solicita as autorizacións administrativas ós organismos correspondentes.

10.- Facultar ó alcalde de Boqueixón como representante para levar a cabo todos os trámites necesarios coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para o proxecto que nos compete.

11.- Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria, á secretaria-interventora, ó coordinador de obras e servizos, e ó departamento de persoal.

En Boqueixón, venres 31 de marzo de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín